

**RESOLUCIÓN REITORAL DO 15 DE
FEBREIRO DE 2016 DA UNIVERSIDADE
DE VIGO, POLA QUE SE PUBLICAN AS
LISTAXES PROVISIONAIS DE
SOLICITUDES ADMITIDAS E
EXCLUÍDAS NO MARCO DA
CONVOCATORIA DE BOLSAS
ERASMUS ESTUDOS PARA O CURSO
2016-2017**

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saída Nº 2016000002731
15/02/2016 13:04:05

Publicada a convocatoria de bolsas Erasmus estudos para o curso 2016-2017, e unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, esta Reitoría

RESOLVE

1. Publicar a listaxe provisional de solicitudes admitidas no anexo I
2. Publicar a listaxe provisional de solicitudes excluídas no anexo II

Contra esta resolución poderán os/as interesados/as formular reclamación no prazo de dez días naturais a partir do día seguinte ao da publicación, achegando, se é o caso, a documentación necesaria ou emendando a falta.

Transcorrido o dito prazo sen que se emenden as causas da exclusión procederase á publicación da listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas, xunto co procedemento para elixir destino. Posteriormente, realizarase a selección nos centros da Universidade de Vigo, nos que se publicarán as listaxes provisionais de seleccionados/as con adxudicación de destinos, suplentes e excluídos/as.

Por último, publicarase unha resolución coa listaxe definitiva de seleccionados/as, suplentes e excluídos/as, que poderá ser recorrida perante o órgano que a ditou.

O REITOR

Por Delegación (R.R. do 07/05/2014)

O vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais

Manuel J. Fernández Iglesias

DILIXENCIA para facer constar que esta Resolución publícase con esta data no taboleiro desta Universidade.
Vigo, 15 de febreiro de 2016

A secretaria do vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais Carmen Luisa Pereira Castro